




DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



De hoxe para sempre...

Nesta exposición, complemento do ciclo de conferencias A Galiza das Irmandades. Unha perspectiva actual, desenvolto nos meses de novembro, decembro e xaneiro, ofrecemos un percorrido pola vida política e cultural da Galiza no período comprendido entre os anos 1916 e 1936.

En 20 paneis, agrupados entre os títulos De hoxe para sempre... e Nós, nomeámonos, facemos un percorrido pola historia do nacionalismo galego desde os movementos provincialistas até o nacionalismo propiamente dito inaugurado polas Irmandades da Fala. As propostas realizadas nas diferentes asembleas das Irmandades, as tensións manifestadas entre partidarios da acción cultural e a política, os esforzos para crear unha prosa galega moderna, as propostas de normalización lingüística e cultural de Galiza; a creación do moderno teatro galego, a preocupación polo sistema educativo, etc. todo tivo cabida no pensamento das Irmandades da Fala, estando moitas das propostas por eles formuladas aínda hoxe en plena vixencia.

Isto é o que se pretende recoller nesta exposición.

Ofrecemos, en 7 paneis de formato e deseño diferentes, o texto do manifesto, un texto non suficientemente coñecido nin valorado polo que significou de aposta modernizadora da vida social e política da Galiza de comezos do século XX.

A proxección de dous vídeos sobre dúas figuras claves deste período (Castelao e Otero) complementarán a información ofrecida nos paneis da exposición.

Os títulos de cada panel están tomados de versos de Pintos, Cabanillas e Manuel María, ou de documentos das propias Irmandades, e pretenden ser evocadores do contido de cada panel.

- 1 De hoxe para sempre ...
- 2 Comeza o ronco a fungar.
- 3 Puxo os cimentos da Galicia nova
- 4 A roxa labarada alumea a campía
- 5 Déronlle ao pobo galego un claro nacionalismo
- 6 Zoan no vento as túas loitadoras, fortes verbas
- 7 Camiño adiante
- 8 A bandeira ergueita
- 9 Irmáns! En pé sereos
- 10 Teus cantares son semente!
- 11 Cantemos o dereito á libre nova vida!
- 12 Un berro de ledicia vai no vento
- 13 Para ledicia de todos
- 14 Irmandados na fala e sentimento
- 15 Era Galiza o seu norte e a patria o seu amor
- 16 Ben vidos, escolares!
- 17 Arelas nacionalistas
- 18 Xa está ao vento a bandeira azul e branca!
- 19 Camiño, camiño longo
- 20 Nós, nomeámonos ...

Os 7 paneis en que se distribúe o texto levan os títulos de cada un dos apartados do Manifesto de 1918.

Galiza, 30 de xaneiro do ano 2009.

